



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

UVIGO11O1 N° 200400017256
12-11-2004

Manuel Velasco Graña, secretario do Comité Intercentros solicita, para poñer a disposición do resto de membros do órgano de representación, a seguinte información:

Datos sobre o persoal laboral que sen estar incluídos na actual RPT desenvolven tarefas no SETEI, sen importar se as súas retribucións son con cargo ao capítulo I, artigo 11 dos orzamentos da Universidade de Vigo ou as perciban a través de subvención outorgada por calquera outro organismo público ou privado.

Confirmación sobre se a persoa que no seu día substituíu a baixa maternal dunha traballadora dos servizos informáticos de xestión, asunto do que vostede deu conta ao CI, continua realizando tarefas remuneradas no SETEI. De ser así, prégolle que defina a relación que mantén coa empresa, a xustificación da súa actividade e nos dea explicacións das razóns polas que non se informou ao Comité desta circunstancia.

A relación que a empresa TCP mantén co SETEI e se dita compañía ten algún técnico traballando na reparación dos aparellos informáticos.

A vinculación que D. Vicente Goya mantén coa Universidade de Vigo con indicación expresa da súa relación contractual e das tarefas que desenvolve.

Vigo 12 de novembro de 2004.

O Secretario do Comité Intercentros

Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO